

#### O terceiro goberno Suárez: crise e dimisión (Marzo.79-Febrero.81)

A política do "consenso" é substituída por unha dinámica de **enfrentamento** goberno-oposición: O Goberno intenta seguir coa política reformista pero vese bloqueado pola falta de maioría absoluta, os problemas de cohesión interna da UCD e o progresivo cuestionamento do liderazgo de Suárez dentro do seu partido. O PSOE cambia de estratexia e comeza a exercer unha oposición máis dura e presenta unha moción de censura que, aínda que é derrotada, asenta o liderazgo de Felipe González.

En Abril do 79 nas Eleccións Municipais, aínda que UCD é o partido máis votado, a esquerda acada unha ampla presenza nos concellos urbanos ao aliarse PSOE, PCE e nacionalistas. Estes resultados agravan a **crise da UCD**. As maiores dificultades de UCD estaban na súa orixe, unha coalición de partidos que non foi capaz de superar as diferenzas entre as correntes ideolóxicas nin os personalismos. Inicialmente, a figura de Adolfo Suárez logrou o liderado da coalición, pero as tensións internas acabaron por atomizala ata facela desaparecer poucos anos máis tarde (1983). Ante a fragmentación da UCD e a súa soidade no partido, a presión dos militares e banqueiros e a falta de apoio do monarca, Suárez presentou a súa dimisión o 29 de xaneiro de 1981. Un dos seus ministros Leopoldo Calvo Sotelo é proposto como sucesor.

Por non contar UCD con maioría parlamentaria absoluta, non foi elixido na primeira votación e cando, o 23 de febreiro de 1981, estaba a celebrarse a segunda volta tivo lugar o máis grave dos problemas da nova democracia española: o intento de golpe de Estado do 23 F.



Fonte: Wikipedia (EL Pais CC BY SA)

O tenente coronel da Garda Civil Antonio Tejero (que xa participara no intento golpista abortado da operación Galaxia de novembro de 1978), xunto cuns catrocentos gardas civís, asaltou o Congreso pistola en man, entrou no hemiciclo das Cortes, mentres anunciaba a chegada dunha autoridade superior (co que parecía invocar o nome do rei como máximo responsable), e mantendo como reféns ao

Goberno e aos parlamentarios. Os españois puideron ver a escena grazas a unha cámara de televisión que seguiu emitindo, xa que se estaba retransmitindo en directo a sesión das Cortes.

Seguindo o plano previsto, o capitán xeneral Miláns del Bosch sacou os tanques ás rúas en Valencia e declarou o estado de excepción, pero non logrou que o resto dos xefes do exército das restantes rexións

militares secundasen o golpe. A actuación do rei foi a clave na resolución do conflito: púxose en contacto telefónico cos xefes militares explicando a súa posición e esixindo a súa lealdade; convocou a Xunta de Xefes de Estado Maior e gravou unha mensaxe que se emitiu por televisión na madrugada do día 24. Tras a mensaxe do rei, a situación quedou controlada. Os tanques de Valencia regresaron aos cuarteis e Tejero rendeuse. Nos días seguintes tiveron lugar en toda España multitudinarias manifestacións populares de apoio á democracia.

### *O goberno de Calvo Sotelo: (Feb.81-Outubro.82)*

---



Leopoldo calvo Sotelo

Aínda coa resaca dos tensos acontecementos vividos, os deputados retomaban a votación de investidura de Calvo Sotelo o día 25, iniciando así unha etapa de goberno breve, pero na que se levaron a cabo importantes accións iniciadas no Goberno de Suárez.

- A actividade lexislativa foi intensa, aprobándose diversas Leis orgánicas, entre as que destacaron: a Lei de divorcio, a Lei de Defensor do Pobo e varios Estatutos de Autonomía.

- Entrada de España na OTAN. En xuño de 1982 Calvo Sotelo tomou a medida máis polémica do seu mandato: a incorporación de España á OTAN. A oposición, especialmente o PSOE, utilizou este feito como eixe central da súa campaña de acoso ao Goberno. Ante o incremento da oposición, as dificultades internas de UCD (marcha de Suárez que funda outro partido: o CDS- Centro Democrático e Social) e os problemas económicos, Calvo Sotelo dissolveu as Cortes e convocou eleccións para outubro de 1982.

En Outubro de 1982 as **3ª Eleccións Xerais** dan a maioría absoluta o PSOE, os resultados electorais marcan o afundimento da UCD (12) e do PCE, a consolidación como alternativa de centro-dereita de Coalición Popular (alianza de AP con grupos escindidos de UCD, será o futuro PP), resultados testemuñais para o CDS de Suárez (2) - o triunfo dos "herdeiros políticos" dos derrotados na Guerra Civil dá por concluída a transición, Felipe González gobernaría os seguintes 14 anos....

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)